


Semana 10

1º e 2º ESO

Como nos tempos medievais

Anselmo ha de ter no forno un polo durante 15 minutos exactamente. Pero estragóuselle o reloxo. Dispón de dous reloxos de area que miden 11 minutos e 7 minutos, respectivamente. Como cronometrará con eles os 15 minutos?



3º ESO, 4º ESO, FPB e CM



O que lle pasa a David Cal

Un piragüista avanza por un lago de augas tranquilas cando, a certa distancia, diante del, salta unha carpa. En 15 padas alcanza a onda creada polo salto e, noutras 15, volve alcanzala para abandonar o círculo en expansión. A cantas padas se encontraba a piragua da carpa cando esta saltou?

Bacharelato e CS

Solteiros vs casados



En certo pobo, $\frac{2}{3}$ do total de homes está casado con $\frac{3}{5}$ do total de mulleres. Se nunca casan con forasteiros, cal é a proporción de persoas solteiras respecto á poboación total do pobo?

Fora de concurso para todo aquel que queira participar

Será suficiente?

Un enquisador diríxese a unha casa onde é atendido pola señora Pita:

—Cantidade de fillos? —Tres di ela.

—Idades? —O produto das idades é 36 e a suma das idades é igual ao número da nosa casa, responde.



O enquisador vaise pero ao anaco volve e dille á señora Pita que os datos que lle deu non son suficientes; a muller pensa e dille: —ten razón, a maior estuda piano.

Cales son as idades?